



entrevista

Miguel Ángel Escotet

“Hoxe é moi necesario educar para a incerteza”

Texto: **Gena Borrajo**

Fotos cedidas: **The University of Texas at Brownsville**

Este catedrático, hoxe decano da Universidade de Texas, investigou a fondo as reformas universitarias americanas e europeas, o que o converte en autoridade na materia. Nesta entrevista desveláanos as claves para conseguir unha educación acorde cos tempos actuais. Para el resulta fundamental darlle un maior protagonismo ao estudante, equilibrar a formación cognitiva e a afectiva, e educar para un mundo no que cada vez existen menos evidencias.

relacionados

artigo de Entrevista, en Eduga 50

artigo de Entrevista, en Eduga 52

artigo de Entrevista, en Eduga 53



Educar para a incerteza. Isto parece difícil...

É moi difícil, pero absolutamente necesario. E é complicado porque creamos un mundo que ten bastante de ficción. Pensamos que todo está feito. Fálase de planificación estratéxica, deseñamos programas para estudantes que están a iniciar a súa vida e van permanecer dezaseis anos na educación formal, cando é case imposible saber o que vai acontecer no momento en que se incorporen ao mundo do traballo. O caso é que os inducimos a crer que co que están a aprender van ter resolto o seu futuro, mentres que o razoable sería axudarlles a construílo.

Cales son os piares que sustentan esta teoría?

A base da educación para a incerteza é ensinar a pensar, a disentir, a respectar o outro. E estes son compoñentes afectivos, non cognitivos. A educación española é moi cognitiva, o cal está ben, sempre e cando non o faga á conta do afectivo, porque o ser humano ten que aprender a vivir en sociedade. O

que formula esta corrente de pensamento é como axudar os alumnos a que resolvan os seus problemas dándolles ferramentas, e coñecementos, obviamente. E isto non se acaba con programas ríxidos.

Os alumnos deben aprender a solucionar os seus problemas, e isto non se consegue con programas ríxidos

Na universidade deberíanse respectar as diferenzas individuais, asunto que tampouco se inclúe na actual reforma universitaria

Vostede ademais de enxeñeiro é psicólogo, a psicoloxía determinou este xeito seu de enfocar a educación?

Valeume para centrar a atención no alumno. Na universidade temos certa tendencia a elaborar o currículo de cada materia a imaxe e semellanza do que sabe o profesor, o que provoca unha gran crise, posto que o estudante debe adquirir os coñecementos que o mundo lle demanda. Con esta dinámica os saberes que realmente importan, adoitan chegar demasiado tarde. É dicir, sempre imos por detrás dos acontecementos. É como se estivésemos a reproducir a historia en lugar de fabricala. Con iso quero dicir que a universidade europea, e talvez tamén a americana, non digo que non, pensa moito máis no docente que no discente.

Esta nova forma de ensinar é unha cuestión de concepto ou de recursos?

De ambas as dúas cousas. Por un lado, está o xeito de entender a educación universitaria. No currículo debe haber uns contidos nucleares que todos necesitan, mais tamén hai que deixar espazos para compartir, nos que os alumnos poidan discrepar. Este modo de enfocar o ensino é máis caro, porque esixe máis profesores, diversificar os contidos e ter aulas menos concorridas.

A propósito do tamaño do grupo. Condiciónao o tipo de materia?

Pode ser, pero nisto existe un erro moi xeneralizado: sempre pensamos que as ciencias, as matemáticas, por exemplo, deben darse a pequenos grupos e que a filosofía pode traballarse en clases numerosas, cando en realidade é todo o contrario. Os alumnos poden seguir nunha pantalla o proceso dunha ecuación, como se deriva, como se reconstrúe, como se define e como se soluciona. En cambio, nesas condicións, é moi difícil desenvolver unha teoría de Aristóteles e esperar que todos fagan a mesma dedución, porque neste caso se require un pensamento reconstrutivo, o que esixe análise e discusión. Cando isto se obvia, caemos doadamente na simple memorización.

Vamos, que desmonta o vello mito das carreiras de ciencias e de letras

É que se cre que os contidos considerados teóricos son máis fáciles de ensinar que os de carácter máis práctico, e non é así. É máis, creouse unha dicotomía entre as humanidades e as ciencias, emerxeron dúas linguaxes distintas que se contraponen, e hai un desprezo dunha cara á outra, mesmo no campo científico. Iso é un problema. Eu estudei Enxeñaría, Psicoloxía Clínica e Educación, e podo afirmar que a matemática é o máis sinxelo que hai, posto que se trata dun sistema simbólico doado de aprender. A cuestión é que cando impartimos disciplinas consideradas teóricas, non ensinamos a pensar, porque cremos que a educación do pensamento está só asociada ás ciencias.

Vostede coñece moi ben os sistemas universitarios europeos e americanos. Como ve o novo EEES?

A converxencia é un xeito de harmonizar todo o sistema de educación superior da Comunidade Europea, e isto no fondo parécese formidable. Pero non se pode dicir que esta reforma sexa perfecta, pois copiou parte do modelo anglosaxón, que ao meu modo de ver ten algunhas debilidades. Habería que ser máis selectivos, é dicir, considerar as partes boas e conservar o que funcionaba ben do sistema europeo que xa existía.

Cales son eses puntos máis débiles?

En primeiro lugar, como dixen, a formación universitaria segue estando demasiado orientada cara ao profesor, ao catedrático; mesmo cara ao administrador, o que aínda semella máis grave xa que, malia ser certo que o sistema de xestión é fundamental, non hai que perder de vista que este debe estar sempre ao servizo do usuario, neste caso, os mozos. Un exemplo é a propia organización do currículo en créditos, que non é máis que unha adaptación para satisfacer os desexos dos profesores e non as necesidades dos alumnos.

Non se concibe un formador de mestres que non actúe como tal, nin sexa un verdadeiro modelo de mestre

É necesario crear procesos de calidade, nos que as tecnoloxías mobilicen o ensino e a aprendizaxe

Que quere dicir con isto?

Pois que á hora de establecer a duración dos estudos, non se poden manter criterios iguais para todos, pois o que para unhas persoas require menos tempo, para outras pode supoñer máis. É dicir, a redución que se levou a cabo, tradúcese en "facer unha carreira á carreira", cando o criterio debería ser que dure o que ten que durar en cada caso. Eu insiro a educación universitaria nun proxecto de formación ao longo da vida. Polo tanto, reitero a idea de que deberían respectarse as diferenzas individuais, cousa que non considera o modelo ao que nos referimos. De feito, en Estados Unidos estase a ir cara ao concepto de educación europeo, mentres que aquí estamos de volta e viramos cara ao outro extremo.

Chegados a este punto, hai algunha posibilidade de solucionar a falta de tempo á que se refire?

Estamos ante unha situación que formula a necesidade de combinar moi ben as ensinanzas xerais coas específicas. Non podemos formar un profesional nas competencias propias da carreira a expensas de reducir os contidos de carácter xeral. É o que pasou co mestrado, concibido para os que xa posuían unha base suficiente, que agora hai que sacrificar para abranguer moito en pouco tempo.

Tampouco os discursos van ao mesmo ritmo que as prácticas. Tan difícil resulta compaxinar as dúas cousas?

É verdade que existen profesionais que desenvolven sistemas teóricos sen probalos, cando a investigación debe ter unha base empírica. Moitas veces a orixe está nunha especie de altivez que impide que nos acheguemos ás aulas, posto que cremos que para iso están os profesores de etapas anteriores, o que é un erro. Non vexo por que un docente de ensino superior non pode dar clase nun instituto para saber o que pasa alí antes de que os alumnos cheguen á universidade. Non debemos obviar que as primeiras aprendizaxes marcan enormemente o futuro das persoas. Eu sempre mantiven que os profesores de educación infantil, por exemplo, deberían ser os mellor remunerados e os máis formados, xa que a esas idades se poñen moitos alicerces vitais: adquirense a linguaxe, as emocións... Por iso entendo que sería bo que quen dá clase a futuros profesores destas etapas pasase por un centro de ensino secundario ou pola escola, dado que non se concibe un formador de mestres que non actúe como tal, nin sexa un verdadeiro modelo de mestre.

Parécelle, entón, que a educación está demasiado fragmentada?

Si, creo que é así. Primeiro segmentámola por niveis, e logo tendemos pontes artificiais entre unhas e outras etapas. Deste modo deixa de ser un *continuum*. Necesitamos crear un modelo no que se comparta teoría e práctica e se entenda como un proceso ao longo da vida.

Na súa universidade traballan nesta liña?

Eu como decano da Facultade de Educación da Universidade de Texas, insto a todos os profesores para que impartan as súas disciplinas nas nosas escolas experimentais. De momento non as temos todas, pero confío en que co tempo isto chegue a ser unha realidade. E a idea é esa, porque coído que son os lugares de formación axeitados, tanto para os estudos de grao coma para os de posgrao. Alí a todo profesor que principia a súa andaina profesional, asígnaselle un mentor, é dicir, un docente experimentado, que durante dous anos o asesora e lle axuda a desenvolver os seus programas. Equivalería en España á figura do catedrático, pero aquí o modelo resulta un tanto endogámico ["eu apoio os que traballaron comigo"]. En Estados Unidos dispoñemos dun sistema de rotación, o que implica que o proceso resulte moito máis dinámico. Deste modo a diferenza entre profesores experimentados e non experimentados, redúcese considerablemente.

Ve difícil que a universidade española adopte un modelo semellante?

Eu diría que aquí hai dúas cuestións que obstaculizan o cambio: un sistema de acceso que se acaba convertendo nun escudo protector, e a xubilación...



A xubilación?

Si. Creo que non se debería manter o mesmo límite de idade para todas as profesións. Por outra banda, chegado o momento, un cirurxián pode non estar capacitado para operar, pero si para poñer a súa experiencia ao servizo do ensino. En España creamos cifras míticas, 60, 65, 70, a partir das que deixa de poñer a súa bagaxe intelectual ao servizo da comunidade, co que se elimina unha experiencia acumulada de gran valor. Ao final as consecuencias padéceas o profesional novo, pois acaba refuxiándose nun individualismo que prexudica a propia evolución, a rendibilidade do seu traballo e a mesma economía.

E mesmo a do xubilado...

Naturalmente. Aquí hai unha teima con este asunto, e a discusión que xera é máis política e económica que profesional. Adóitase argumentar que coa xubilación se dá paso ás xeracións novas, o que tampouco é verdade, pois os países europeos con menos poboación desocupada, son os que mostran maiores cotas de emprego xuvenil, sen prescindir do persoal de máis experiencia. En Estados Unidos as persoas retíranse cando queren. De feito, entre os reitores, decanos ou xefes de departamentos hai xente de todas as idades.

As novas tecnoloxías viñeron revolucionar a sociedade e mesmo a familia. Cre que entraron nos sistemas educativos coa mesma forza?

Non. Entraron os aparatos e agora substitúese o encerado por un Power Point ou o encerado dixital. Pero, as TIC, con todo o que levan consigo, non se introduciron no ensino. Isto é unha crónica máis na historia da nosa educación. Aconteceu antes coa radio, que apenas se chegou a utilizar como recurso educativo, cando o son ten un enorme potencial para activar o pensamento, porque esixe reconstruír coa imaxinación. A televisión trouxo a imaxe e condicionou esa capacidade. Pero hoxe cando entramos en Internet, non só nos enfrentamos ao son e á imaxe, senón tamén ao texto. Isto leva a que os rapaces crean que os medios dan moito poder, o cal non é certo se non saben como os poden manexar.

Como ben di, os ordenadores xa entraron nas escolas. Que facemos agora?

De momento toca crear procesos de calidade, nos que as tecnoloxías mobilicen o ensino e a aprendizaxe. Iso implica un profesorado competente, non só no manexo, senón tamén na aplicación que se pode facer delas. De feito, os rapaces adoitan ter un maior dominio destas ferramentas, o que non quere dicir que o docente non poida achegarilles nada. Por exemplo, os mozos pensan que a información que obteñen en Internet é sempre real e veraz, o que non é verdade. E aí é onde necesitan o apoio dun experto que lles axude a seleccionala e a tratala.

Está preparada a universidade para asumir ese papel?

Digamos que lle está a custar moito superar estes retos, porque no fondo existe o concepto dun profesor que ensina e uns estudantes que aprenden. O enfoque, segundo o cal docentes e discentes aprenden xuntos, non existe nin sequera no teórico. De aí que non nos deba estrañar que as tecnoloxías se empreguen como desculpa para poñer "unhas cousiñas". Outro dos grandes problemas

é que a gran maioría carece de técnicas pedagóxicas, incluíndo os propios pedagogos. Dáse unha gran deficiencia nos principios de aprendizaxe. Somos moito máis adestradores que formadores. Aínda que o problema non afecta por igual a todas as carreiras.

Cales saen máis favorecidas?

Na miña experiencia como avaliador atopei un maior nivel de calidade docente nas enxeñarías e na medicina. E é así, visto que nos dous casos a teoría e a práctica están moi unidas. En medicina, por exemplo, existe o compoñente instrumental, pero tamén o afectivo, xa que está en xogo a vida humana. Nós non temos esa percepción porque cremos que o feito de aprender mal non ten importancia, cando a ten, e moita. Non deberíamos esquecer que está en xogo a saúde mental das persoas. Por iso é tan necesario que se avalíe o profesorado.

Como o fan en Texas


Si. Alí cada cinco anos temos que probar a nosa competencia. Eu, como catedrático, sométeme á avaliación dos meus alumnos e colegas, e teño que demostrar que achego algún beneficio ao ensino para seguir coas miñas clases. E debe ser así. Unha cátedra non debe significar ter patente de corso. Temos que actualizarnos constantemente, non só na área que impartimos, senón tamén nas TIC, nas metodoloxías, etc. É unha esixencia para manter o posto de traballo, que ademais ten un compoñente de ética profesional: non podo ensinar se non coñezo o suficiente ou non sei como facelo.

Non habería que empezar por darlle maior protagonismo á docencia dentro da propia universidade?

Si. Hai que equilibrar a faceta investigadora e a docente. Ambas deben marchar da man, porque o ensino ten que alimentarse, en parte, da investigación que leva a cabo o propio ensinante, e da dos demais. Pero, á parte, o profesorado debe ter un sentido de responsabilidade social, ou como me gusta máis chamalo, compromiso social, pois se non asume isto, dificilmente poderá desenvolver nos seus estudantes este sentimento coa comunidade, que por outro lado, é unha das súas funcións.

Isto esixe moito trato directo cos alumnos

Así é. No repartimento de responsabilidades, eu atribuíralle un 50% do tempo á docencia, un 25% á investigación e outro 25% ao compromiso social. A partir de aí, entraríamos nas casuísticas especiais. É dicir, en determinados casos habería que ver se non conviría máis que un profesional se dedicase exclusivamente á investigación, porque esa é a parcela á que realmente fai achegas. De feito en Estados Unidos hai tres tipos de universidades: de investigación, mixtas e de docencia. Eu recomendo sempre cursar os catro primeiros anos nunha universidade de docencia e os dous ou catro anos que pode durar o doutoramento nunha de investigación.



Vimos os problemas da formación inicial, pero tampouco a formación permanente logrou os resultados agardados

Eu creo que a formación permanente require un cambio de actitudes e ten que ir acompañada de incentivos. Non debemos esquecer que temos un gran competidor, que é o lecer coas súas variadas e atractivas ofertas. A clave está en crear a necesidade, e isto ten un compoñente máis afectivo que cognitivo. Ás veces preparamos interesantes programas, ben organizados e perfectamente estruturados, pero non chegamos ao corazón da xente e coído que aí está o gran problema.

Hoxe a idea de mobilidade adoita estar moi presente á hora de elaborar os plans de estudo. En España temos un problema cos idiomas.

Os idiomas non se aprenden en baleiro. Necesítanse espazos para poder practicalos e vivilos. Isto non quere dicir que o único camiño sexa ir ao estranxeiro. É verdade que pasar unha tempada no lugar no que se fala a lingua que pretendemos aprender, vai axudar moito, pero ningunha sociedade se pode permitir mandar fóra a todos os seus cidadáns. Logo hai que crear dentro ámbitos nos que os estudantes a poidan falar e sentir, posto que estas aprendizaxes teñen moito de afectivo. As cousas están a mudar, pero ata hai ben pouco, o ensino do inglés comezaba pola gramática, logo non nos debe estrañar que deamos niveis tan baixos en todos os estudos. Tampouco penso que o idioma sexa o único que nos frea á hora de buscar traballo fóra.

Non?

Os españois somos moi reticentes a movernos. Eu veño aquí con frecuencia e sempre atopo as mesmas persoas nos mesmos sitios. As nosas aspiracións céntranse nun posto de traballo para toda a vida. Dános medo arriscar. Forma parte da nosa cultura e maneira de ser.

Parece que a vostede non lle custou tanto marchar.

Si que me custou, porque tiveren que renunciar ao meu estilo de vida e a estar cerca da miña xente. Pero un traballo moitas horas e as oportunidades que me dan en América son impensables no meu país. Tomei a decisión cando me decatéi de que as miñas posibilidades de crear chegaran ao máis alto. Non me motivaron cuestións de diñeiro, porque me pagaban moi ben aquí; nin tampouco de relación, pois levábame ben con todos os meus compañeiros. Simplemente chegou un momento en que me sentía como un empregado bancario. E a min sempre me empuxou o afán de medrar como profesional e como persoa.

Logrouno?

Creo que si. O que non significa que non continúe sentindo nostalgia. Oxalá tivese aquí o traballo que teño en Texas. Boto de menos a vida social española, o teatro, a ópera. Pero, insisto, o problema é de carácter profesional. Non digo que alá sexa todo perfecto, que non o é, pero as posibilidades de evolucionar son enormes.

Nestes tempos de graves crises, quere dar algún consello como representante e guía da institución que representa?

Deberíamos aproveitar este período de dificultades para formarnos máis e mellor, administrar a escaseza con criterios de escaseza e buscar relacións de solidariedade entre a xente. Pero tamén se hai que preparar para cando chegue a recuperación. Temos que deter un consumo tan esaxerado. E aquí volvo á teoría da incerteza: cómpre aprender da experiencia, decatarse de que nada é seguro e que ante problemas de tanta gravidade, necesitamos solucións enxeñosas, o que non se consegue cunha educación rixida.



Catedrático de universidade con alma de mestre

Contactar con Miguel Ángel Escotet significa seguir a súa pista por todo o planeta. Aproveitamos a súa viaxe a España e localizámolo en Oviedo, onde nos concedeu esta entrevista, un xesto amable se consideramos que iso o obrigaba a mover a súa xa apertada axenda. A conversa foi unha gran demostración de bo xuízo e proximidade no trato. Nun entretido diálogo, debullou as cuestións que se lle formulaban, e as súas palabras, lonxe de pechar cada tema, xeraban máis e máis interrogantes. Axiña nos decatamos de que estabamos ante un catedrático de universidade con alma de mestre, e resultou fácil imaxinar como serían as súas clases e o seu traballo como decano na Facultade de Educación da Universidade de Texas, unha das máis grandes de Estados Unidos.

Escotet viaxou varias veces ao país americano, ata que un día decidiu instalarse alí. Atrás quedaban os seus traballos como secretario xeral da Organización de Estados Iberoamericanos en Madrid, a Universidade Iberoamericana de Posgrao ou o Grupo Anaya. Non tardou en converterse nunha autoridade educativa internacional, que hoxe disputan as máis prestixiosas institucións superiores. Volveu hai uns anos para dirixir o Instituto de Estudos de Posgrao e Formación Continua da Universidade de Deusto, en Bilbao e retornou de novo ao seu traballo académico en Estados Unidos.

A súa traxectoria profesional aséntase nunha formación multidisciplinar. Estudou Enxeñaría de Minas, Filosofía e Psicoloxía Clínica, aínda que a educación foi sempre o centro dos seus intereses. Así o demostran os moitos cargos desempeñados neste ámbito: catedrático de Educación da Florida International University, director do Instituto Internacional de Desenvolvemento Educativo e dos seus estudos de posgrao, director de Investigación e Avaliación dos Servizos de Educación Bilingüe do

centro federal da Florida International University; profesor de Psicoloxía en Fort Lewis College, en Colorado, e profesor visitante en Arxentina, Colombia, Brasil, Chile, Costa Rica, Francia, Alemaña, Hong Kong, Italia, Xapón, México, Nicaragua, España, Taiwán, Reino Unido, Estados Unidos e Venezuela.

Tamén a educación se sitúa no centro das principais investigacións deste ilustre español: as reformas e innovación da educación superior en América Latina e Europa, así como o desenvolvemento da metodoloxía de investigación en estudos transculturais e transnacionais, ocuparon unha boa parte do seu tempo.

Algunhas das súas obras

- *Diseño multivariado en psicología y educación* (1980) Barcelona, CEAC.
- *Técnicas de evaluación institucional en la educación superior* (1984) Madrid, Ministerio de Educación e Ciencia.
- *Aprender para el futuro* (1992) Madrid, Alianza Editorial.
- *Universidad y devenir: entre la certeza y la incertidumbre* (2000) Bos Aires, Lugar Editorial.
- *Cultural and Social Foundations of Education* (2004) Boston, Simon & Schuster.
- *Modelo de innovación en la educación superior* con A. VILLA e J. GOÑI (2008). Bilbao, Mensajero e Universidade de Deusto.

 [imprimir páxina](#)

O MÁIS VISTO

[Accesibilidade do sitio web](#)

[Plan de Acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema](#)

[Eurydice, a rede europea de información sobre educación](#)

[Declaración mundial "Aprender a través do xogo". OMEP 2010](#)

[Entrepones, unha revista escolar para desenvolver competencias](#)

[Reiníciense as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos](#)

COLABORA COA REVISTA

[Cartas á directora](#)

[Experiencias](#)

[Investigación](#)

[Foro](#)

OUTRAS SECCIÓNS

[Axenda](#)

[Actualidade: Eurydice](#)

[Tribuna](#)

[Mediateca](#)

[Que é](#)

[Lexislación](#)

[Hemeroteca](#)

[Editorial](#)

[Blogs](#)

[Créditos da revista](#)